

Solucións 2º agrupamento semana 8

2º AGRUPAMENTO SOLUCIÓNS SEMANA 8

EXERCICIO 4 da Páxina 143 . Xa mo enviastes a min.

Páxina 149 exercicio 6

Fixéronos pasar á sala de espera. O Varas non sentou. Movíase inquieto, dunha esquina á outra, sen deterse sequera a ollar pola xanela. De alí a pouco chegou a monitora responsable. Informounos, durante cinco minutos, da situación e dos progresos dos nenos. Eles asentiron sen prestar atención. Finalmente fíxolles saber que, naquelas circunstancias, só tiñan dereito a media hora de visita.

Conducíronos ao Punto de Encontro Familiar e chamaron os cativos. Pixie e Dixie apareceron pola porta sen daren mostra ningunha de entusiasmo. Achegáronse primeiro á nai, que teatralizou a alegría do reencontro para impresionar a monitora. O Varas deulle unha forte palmada nas costas a Pixie, facéndose ver. O neno nin sequera se volveu a ollar para el. Miraba para o chan. Quedou á espera de que a súa irmá rematase de darlle un abrazo á nai para apertala el tamén.

Páxina 150 exercicios 2 e 5.

Exercicio 2

O enigma dos nove sepulcros	Ficción Narrativa (ciencia ficción)
Ameaza na Antártida	Ficción Narrativa (aventuras)
Os vellos non deben de namorarse	Ficción Teatro.
Follas Novas	Ficción Poesía
A illa de todas as illas	Ficción Narrativa (fantasía)
Vento e chuvia. Mitoloxía da antiga Gallaecia	Xeografía e historia
Todo sobre o fútbol galego	Arte, xogos, deportes, ocio.

Exercicio 5

LINGUA MINORIZADA: son aquelas linguas que compartindo espazo xeográfico con outra ou outras linguas de maior prestixio social ven os seus usos restrinxidos debido á presión das outras linguas.

BILINGÜISMO: situación dun individuo que fala dúas linguas ou da comunidade, rexión ou país en que se falan dúas linguas nun nivel de igualdade.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: proceso levado a cabo nunha comunidade lingüística para promover o uso e igualdade funcional da súa lingua con respecto a outra coa que está en contacto.

Páxina 152: exercicio 3

No texto: proposta escénica, sketches, obra, drama, thriller, varietés, comedia e compañía.

Nas actividades: compañía, autores, guión, actores e actrices.

Exercicio 6

Chegou , despois de tomar café, con María e Alexandre. Unha persoa , despois de tomar café, chegou acompañada de maría e Alexandre.

Chegou despois de tomar café con María e Alexandre. Unha persoa chegou despois de tomar café con María e Alexandre,